

*SAMAIN*

*E*

*MEGOSTO*

# O ZOMBI COMECASTAÑAS

Na noite de samaín  
co meu amigo Martín,  
dinlle a un zombi unha castaña  
que devorou coma unha  
piraña.

Fixádevos xente  
fixémonos amigos,  
é así, non minto,  
un zombi e dous neníños.

Vouvos dicir unha cousa...  
É UN COMECASTAÑAS!!!!  
NON UN COMECEREBROS!!!!

Paula Cueto



# O Espantallo Comecastañas

Esta era a noite de Samaín. O meu Espantallo cobrara vida e eu non sabía nada.

O espantallo foi roubar castañas a casa de Mateo. El viuno e correu a miña casa a contarmo. Despois fomos a casa de Santiago e desde alí chamamos a Pablo e Jose. Fomos todos a miña casa para ver si había algunha pista do que pasara para que o espantallo cobrara vida.

Ao chegar alí encontramos restos dunha espantosa apócema verde. Despois fomos seguindo os rastros de palla. E cando o atopamos estaba comendo todas as castañas do castiñeiro de Pablo. Pablo púxose a chorar e entón o atrapamos. O espantallo confesou que foi unha bruxa a que lle deu a apócema.

De volta para a miña casa vimos restos da apócema e seguímolos. Atopamos á bruxa que nos deu o antídoto, porque o espantallo tamén lle comera as súas castañas e non podería facer o magosto. Démoslle o antídoto e volveu a súa forma orixinal.

Santiago, Mateo, Jose, Pablo e mais eu fomos para a cama ás once da noite.  
¡Vamos a recordalo o resto das nosas vidas!

Samuel

Xa chegou o magosto,  
van a tomar chourizo,  
frente a un ourizo.

Aos nenos lle dícen,  
apañade as castañas  
para o fin de semana.

Collede as cestas,  
que empeza a festa,  
a nosa costume,  
e acender o lume.



Lucía Pinal

PEDRO -Cando é o samaín, Olivia?

OLIVIA -Creo que o venres que ven,mellor preguntalle a Xoán. Non estou segura.

PEDRO -Xoán, cando e o samaín?

XOÁN –É hoxe, cabeza tola!

OLIVIA -Voume disfrazar de bruxa.

PEDRO -Eu de zombi.

Laura é unha nena á que lle encanta o samaín. Quere disfrazarse de bruxa. Por fin cando chegou o samaín saiu cos seus amigos de noite a pedir chuches polas casas. Timbraron en varias casas, estaban moi decepcionados por que non lle deron chuches, déronlle castañas. Foron a outra casa e volvéronlle a dar castañas. Todos os nenos preguntaron por que lle daban castañas. E dicían que era porque ao día seguinte facían o magosto. Todos se foron decepcionados para casa. Laura cando chegou a súa casa botouse na cama e durmiu. Ao día seguinte foi toda a aldea ao descampado a asar as castañas. Laura e os seus amigos tamén foron, os seus pais sabían que estaban enfadados porque non lle deron chuches, entón tiveron unha idea, levaron os disfraces dos nenos e fixeron o magosto e o samaín á vez.

FIN

Lucía Pinal

## O samaiño

A castaña caiu do castiñeiro,  
eu apañeina e metina na cesta da festa,  
para celebrar un magosto  
con todos e todas.  
Sera unha festa ideal  
con todos a xogar,  
e a cantar na orquestra de San Juan,  
esto vai començar de novo.

A festa de terror  
xa esta aca  
para començar unha nova imaxinacion.

¡E a que esperas!  
XA VAI COMENZAR DE NOVO A FESTA  
¡GUA!

E as cabazas xa teñen a cara feita  
cuns ollos de terror  
e unha boca de imaxinacion  
pero esta moito mellor  
aunque teña cara de pepinillo.



Candela Fernandez Rodriguez

O samaín é unha festa na que a xente disfrazase do que se queira. É moi divertido porque asustas a xente. Hai moita xente que adorna a casa con cabzas e cando pasas diante delas da moito medo. É unha festa moi popular de Estados Unidos e Inglaterra. Os nenos van polas casas e dín “truco ou trato”. FELIZ SAMAÍN.



SANTIAGO

## A MORCEGA LINA E A BRUXA PIRUXA VIK



Érase una vez , non fai moito tempo , un morcega chamada Lina . Era morada e negra cun laciño vermello coma sangue e a sua amiga a bruxa piruxa Vik que era unha marchosa e lababa uns leglins negros e a camiseta tamen negra un sombreriño negro e pequeno cunha cinta rosa e unha ebilla azul . Un dia foronse as cascadas de sange que eran e son fermosas e vermellas coma sangue. Polo camiño atoparonse con diabliña Alexina e continuaron con ela . Cando estaban na ribeira das cabazas encontraronse con cabaciña unha vella amiga da morcega Lina . Mais tarde cando estaba cruzando o bosque dos castiñeiros atoparonse con castañañin a castaña , ela foi con eles .Ao chegar as cascadas de sangue , empezou a festa a que asistían e puxeronse a bailar , pasaronse moi ben e veron a vampiresa Paulina . A diabliña Alexina , a vampiresa Paulina e a bruxa Vik viveron grandes abenturas.Agora so falta feliz sanmain e colorin colorado o conto finalizou .

De Victoria Rdríguez Mariño





# O SAMAÍN E O MAGOSTO

No magosto tomo o mosto,  
no Samaín a cabaza  
é o meu rostro.

Co meu disfrace asusto,  
E comendo castañas  
estou moi a gusto.

Que rico olor do chourizo.  
Ten coidado cos ourizos.  
E os monstros ao redor do lume,  
bailan como de costume.

O neno sae correndo  
ao ver prendendo  
que fan a bruxa  
e a súa curuxa.



Mateo

# A CASTAÑA TENEBROSA E PERIGOSA


A castaña ten medo  
do fantasma con pelo  
o fantasma ten pelo negro

da fogueira salta a castaña  
quemando o seu pelo  
a castaña disfrazase de fantasma  
para asustar o pirata.

O fantasma quer asustar a castaña  
pero con tanto disfraz  
vou acabar pirata

a castaña e rara  
pero e charlatana  
ten que asustar o fantasma  
difrazadome de araña  
pero e cinco tallas mas largas  
cos dentiños da araña  
mais alongados que dos pirata.

Alexia



As castañas van de festas  
sempre collen as cestas  
truco o trato aí que dicir  
se as chuches queres recibir.  
Van disfrazados de dragóns  
e son uns tragóns  
as castañas son unha costume  
mais facelas ao lume.

A noite a caído  
coidado co sombrío,  
as sombras salen a xogar  
non queren parar.

As cabazas non paran de llenar  
mais van explotar  
a noite termiña  
A rúa vai vacia.

Os nenos corren de casa en casas  
buscando as uvas pasas  
levan linternas  
como as das cabernas.

O fantasma do samaín  
e bo sen fin.

Angel Enriquez



Marco: Mañá é Samaían. Que vas traer ao colexio: unha cabaza,un debuxo dunha bruxa...

Lorena: Vou traer un esqueleto de mentira e seguramente o meu traballo sea mellor que o dos demais.

O día do traballo ela presentou o esqueleto é Marco una cabaza con cara de mounstro.

Lorena: Que gané o mellor.

E entón vino un amigo deles e lles dixo que non había que pelearse por esas cousas.

Lorena: Ten razón, nos hemos precipitado moito por estas cousas, demonos un abrazo e fagamos as paces.

Marcos: Tes razón,vamos a darnos a man mellor. Se derón a man e se faceron amigos para sempre



## JESUSITO É UN TORPE !!!!

Jesusito era un neno moi pequeno, feo de pelo pelo roxo, de ollos marróns, de nariz puntiaguda e sobre todo un torpe.

Un día despertouse as 9:30 e como de costume saía a finca da súa avoa onde había uns grandes castiñeiros , todo o mundo dicía que o froito do castiñeiro non se comía .

Jesusito o moi torpe se sentou nun dos froitos do castiñeiro e sentiu un pinchando , lle quedara un dos froitos do castiñeiro enganchado no pixama . Entrou na casa da súa avoa saltando , e dirixiuse a cociña onde a súa avoa estaba facendo un caldo en unha pota .

De tantos saltos que deu Jesusito, o froito do castiñeiro saíu voando e... acabou na pota onde estaba facendo o caldo a súa avoa .

A hora da comida invitaron a todos o veciños do pobo a probar o caldo , un dos veciños topou co froito do castiñeiro .O decidiron probar , e resultou que estaba moi bo, e desde ese día decidiron facer unha festa chamada o magosto que se celebraría o 10 de novembro .Na festa se botarían ao fogo as castañas e logo se comerían , tamén poderían facer xogos ...

E FIN COLORADO, QUE O MAGOSTO TE LEVE AO SEU LADO .



SOFÍA

